



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: DECRETO RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL DUN (1) PEÓN/A FORESTAL AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2025 DO CONCELLO DE A BAÑA.

Expte TEDEC: 2025/X999/000014 (Bolsa de Emprego).

Expte. TEDEC: 2025/G003/000439 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o artigo 20.cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024, establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Visto o expediente que se tramita para a selección de persoal en réxime de dereito laboral temporal para cubrir a praza dun/ha PEÓN/A FORESTAL por un período de nove meses cunha xornada do 100%, que é o prazo de vixencia da subvención que pode ser outorgada ao Concello para o financiamento dos custos ligados a esta contratación de persoal, e que en cuxa prestación do servizo desenvolverá as tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e outras tarefas de valoración forestal con medios mecanizados no Concello da Baña (A Coruña) segundo as Bases reguladoras que foron publicadas por Resolución de Alcaldía con número de decreto 261/2025, de 16 de abril de 2025.

Visto que as tarefas desempeñadas polo persoal encadrado na categoría obxecto do presente proceso selectivo resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G).

Visto que con data 24/03/2025 o Concello da Baña acepta as referidas bases e solicita unha subvención por importe de 49.806,00 € a través de resolución de Alcaldía con número de



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Decreto 78/2024, de 24 de marzo de 2025.

Visto que con data do 28 de marzo de 2025 rexístrase de entrada no Concello da Baña, a resolución de autorización para a contratación anticipada, e visto que con data do 15 de maio de 2025 rexístrase de entrada no Concello da Baña, con nº 202500000000441, a resolución de concesión da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural 2025), mediante a que a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Promoción do Emprego Comercio e Emigración da Xunta de Galicia lle comunica ao Concello da Baña a concesión de dita subvención

Vistas as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión urxente, polo sistema de oposición, dun PEÓN/A FORESTAL como persoal laboral temporal por un período de 9 meses no Concello da Baña.

Vista a oferta de candidatos recibida por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) no día 26/05/2025 con nº12-2025-4290.

Vista a acta do día 2 de xuño de 2025 do proceso selectivo formulada por unanimidade polo tribunal cualificador encargado da selección dun tractorista sedo o resultado o que segue:

“ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL DUNHA PERSOA PARA O POSTO DE PEÓN/A FORESTAL AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2025 DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte. TEDEC: 2025/X999/000014 (Emprego).

LUGAR: finca municipal na rúa Tedelle e Salón de Sesións da Casa do Concello.

DATA: 2 de xuño de 2025

HORA DE COMEZO: 9:00 h

HORA DE REMATE: 11:30 h

ASISTENTES:

Presidenta: Manuela Sofía Abelenda Antelo, Técnico de Xestión do Concello da Baña.

Secretaria: Rocío Caamaño Gerpe, Auxiliar administrativa do Concello da Baña.

Vogais: Ricardo Torreira Pensado, Tractorista do Concello da Baña.

José Manuel Núñez Vieito Tractorista do Concello da Baña.

José M.^a Vilacoba García, Tractorista do Concello da Baña.

Persoal asesor: M.^a Eugenia Moral Piñeiro AEDL do Concello da Baña.

Reúñese a comisión para a provisión en réxime laboral temporal da contratación dun (1) PEÓN/A FORESTAL ao abeiro do programa APROL RURAL 2025 do Concello da Baña, ao abeiro das bases reguladoras aprobadas por resolución da Alcaldía núm. 261/2025 do 16 de abril do 2025 e, publicadas no BOP núm 77, de data 24 de abril de 2025, durante 9 meses, de acordo co establecido na bases que establecen o regulamento proceso selectivo das persoas candidatas.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

PROCESO DE SELECCIÓN

Proceso selección	Mínimo a puntuar	
FASE OPOSICIÓN	Proba/s práctica/s	28 puntos
VALORACIÓN DE MÉRITOS	12 PUNTOS	
TOTAL	40 puntos	

Ás 9:00 horas na finca municipal do concello da Baña na rúa Tedelle procédese a realización do exercicio práctico cunha puntuación máxima de 28 puntos así coma, a validación dos coñecementos da lingua galega.

Ás 10:00 horas no Salón de Sesións da Casa Consistorial do concello da Baña procédese á valoración de méritos cunha puntuación máxima de 12 puntos.:

Persoas candidatas	Proba práctica (Máximo a acadar 28 puntos) (Mínimo para superar esta fase 14 puntos)	Valoración de méritos acreditados (Máximo 12 puntos)	Total (Máximo a acadar 40 puntos)
A.P.F.J.. (D.N.I.***7432**)	23	2,5	25,5
A.M.R. (D.N.I.***8455**)			RENUNCIA
B.B.J.A. (D.N.I. ***5186**)	15	2,5	17,5
G.R.J.A. (D.N.I. ***7080**)			NON LOCALIZADO
G.D.J.G. (D.N.I. ***9117**)			NON LOCALIZADO
L.P.S. (D.N.I. ***8251**)			RENUNCIA
P.A.J. (D.N.I. ***8333**)			RENUNCIA
P.N.J. (D.N.I. ***9579**)	13 (Non apto)	2,5	NON APTO
R.L.F.J. (D.N.I.***5888**)	26	2,5	28,5
V.B.S.R. (D.N.I. ***1383**)	21	2	23

O tribunal cualificador propón:

- 1.- A contratación de Francisco Javier Rey Lois, con DNI ***5888**.
- 2.- Designar como suplente a Francisco José Alfonso Pena, con DNI ***7432**.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta declara rematada a sesión sendo ás 11:30 horas do día 2 de xuño de 2025

A Baña a data da sinatura dixital

Manuela Sofía Abelenda Antelo
Presidenta

Rocio Caamaño Gerpe
Secretaria"



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que con data 02-06-2025 publicase a listaxe dos resultados provisionais do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral dun (1) Peón/a forestal ao abeiro do programa APROL RURAL 2025 do concello de a baña.

Visto que non existen reclamacións no prazo de 3 días hábiles concedido.

Visto que con data 06-06-2025 publicase a listaxe dos resultados definitivos.

Visto as publicacións do 6 de xuño, Alcaldía declara a seguinte lista definitiva de aspirantes que formarán parte da bolsa de emprego para cubrir unha praza de PEÓN/A FORESTAL no Concello da Baña, ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural 2025) co seguinte resultado e polo orden que se indica:

- 1.- Francisco Javier Rey Lois, con DNI ***5888** Nota Final: 28,5 puntos.
- 2.- Francisco José Alfonso Pena, con DNI ***7432** Nota Final: 25,5 puntos.
- 3.- Salvador Raul Vieito Blanco, con D.N.I. ****1383** Nota Final: 23 puntos.
- 4.- Jose Antonio Blanco Baña, con D.N.I ****5186** Nota Final: 17,5 puntos.

Visto que en consonancia co disposto na BASE 7, a listaxe da persoa contratada e a das persoas suplentes, formarán unha bolsa de traballo para cubrir as vacantes que eventualmente puideran xurdir, ou para atender as necesidades de emerxencia imprevistos en xeral.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 410/2023 de 19/07/2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar e publicar a listaxe da persoa candidata que se contratará, a saber:

- 1.- Francisco Javier Rey Lois, con DNI ***5888** Nota Final: 28,5 puntos.

Terceiro: Aprobar e publicar a listaxe de persoas suplentes, coas que se formará unha bolsa de traballo para cubrir as vacantes que eventualmente puideran xurdir, ou para atender necesidades de emerxencia e imprevistos en xeral:

- 1.- Francisco Javier Rey Lois, con DNI ***5888** Nota Final: 28,5 puntos.
- 2.- Francisco José Alfonso Pena, con DNI ***7432** Nota Final: 25,5 puntos.
- 3.- Salvador Raul Vieito Blanco, con D.N.I. ****1383** Nota Final: 23 puntos.
- 4.- Jose Antonio Blanco Baña, con D.N.I ****5186** Nota Final: 17,5 puntos.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Cuarto: Publicar o presente decreto no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/

Quinto: Requirir o candidato que achegue, no prazo máximo de 3 días naturais dende a publicación da lista os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

Sétimo: Dar traslado do presente acordo á Intervención para o seu coñecemento aos efectos oportunos e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria- interventora, Paula Martís Torres, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.